

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
99999999	DLG Conselleria de Educación	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	5º Pri.	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Lingua Castelá e Literatura de 5º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Lingua Castelá e Literatura á realidade deste centro e a do alumnado de 5º curso.

A ensinanza desta área ten como un dos seus obxectivos principais o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado entendida en todas as súas vertentes (pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria). Do mesmo xeito, a aprendizaxe desta área, que precisa ser sempre unha aprendizaxe acompañada, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso baseado na reflexión e na análise, cuxo fin último é formar persoas que se comunican de maneira eficaz. Debe tamén aportarlle ao alumnado as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da súa vida familiar e social. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

A planificación do proceso de ensino e aprendizaxe da área de Lingua Castelá e Literatura debe tomar en consideración a existencia dun contexto de diversidade lingüística tan rico, que servirá de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Polo tanto, cómpre que se tome en consideración a planificación conxunta desta área xunto coa da área de Lingua Galega e Literatura, e incluso coa de Lingua Estranxeira, na procura dunha aprendizaxe integrada e máis significativa do alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cantas cousas teño que contarche!	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Identidade lingüística: as linguas da nosa contorna. - Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral (presencial, videoconferencia, telefónica...). - Canles de comunicación escrita (manuscrita, impresa, dixital...). - Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, maiúsculas/minúsculas...	10	16	X		
2	No papel está todo escrito	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Diversidade lingüística: distintas formas do castelán. - Escoita activa e comprensiva de textos orais. - Normas de comunicación oral: respectar quendas, escoitar, intervir cando corresponda. - Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instrutivos: manuais, guías, prospectos... - Substantivo, prefixo, normas de acentuación e ditongos.	10	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Leo para coñecer, para saber, para aprender, para disfrutar	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais: exposicións, instrucións e debates. - Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos: textos literarios, de opinión, manuais, descritivos... - Elaboración de textos expositivos multimodais que supoñan a procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación etc., con asignación de diferentes roles no grupo. - Adxectivos, prefixos e sufixos. Hiatos.	10	16	X		
4	Narrando historias	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - A lingua oral como vehículo de transmitir emocións a través dos contos e das historias. - A lingua escrita como medio para vivenciar emocións en textos narrativos. - Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. - Determinantes: artigos, posesivos, demostrativos. Normas sobre o uso de ll/y, c/cc.	11	15		X	
5	Versos e poesía	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - A poesía recitada e as cancións. - A estrutura da linguaxe poética: métrica e rima. - A linguaxe poética: ritmo, emocións e recursos literarios. - Pronomes. - Coma, punto.	11	15		X	
6	Vou escribir o que me pasa	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - A expresión de vivencias persoais. - As experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías e descricións de persoas. - O verbo: raíz e desinencia. - O uso de b/v.	11	16		X	
7	Podemos entendernos	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - O debate como forma ordenada de intercambiar ideas, con respecto polas diferentes opinións. - Textos argumentativos, informativos e de opinión. - Verbos: conjugación, número e persoa. - Os xentilicios.	12	15			X
8	Que pensas ti? Que penso eu?	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos:	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Que pensas ti? Que penso eu?	- O debate: xogo de roles e asimilación da postura contraria. - A entrevista: a interacción coa persoa entrevistada. - Preparación previa e redacción posterior da entrevista. - Verbos: tempo, modo e forma. - Uso g/j. - Aumentativos e diminutivos.	12	15			X
9	Ler e escribir nas pantallas	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Comunicación oral por medios dixitais: radio e tv. - A prensa escrita nos distintos soportes. Información sobre asuntos inmediatos. - Palabras invariables: preposicións, adverbios, conxuncións. Palabras compostas. Uso de ":", ";", "..."	13	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cantas cousas teño que contarche!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un breve texto instrutivo de forma comprensiva.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe un texto breve con acentuación correcta.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora cun vocabulario adecuado textos instrutivos lidos previamente .		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa a mesma consideración polas compañeiras e os compañeiros con lingua materna diferente.	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece na conversa o castelán, o galego e o inglés.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Trata con consideración a compañeiras e compañeiros con lingua ou cultura familiar diferente.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume unha comunicación oral breve.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido escoitando outras intervencións e manifestando a súa propia opinión.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 60 segundos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet... - Xéneros discursivos - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de coñecemento progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	No papel está todo escrito	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Recoñece o castelán, o galego e o inglés en textos escritos.	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.	Resume correctamente un breve texto de 100/150 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Diferencia textos escritos pola súa intención: literarios ou informativos.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con redacción correcta e vocabulario non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais cunha redacción correcta presentándoos acompañados de imaxes de maneira equilibrada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Recoñece en textos transcritos conversas entre iguais comparadas con conversas docente/discente.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos breves de 100/150 palabras con corrección na concordancia e na acentuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os substantivos nun texto escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece o significado da totalidade dos substantivos dun texto de 100/150 palabras, a través do contexto ou con axuda dixital ou do dicionario.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Recoñece nas conversas as e os interlocutores en castelán con entorno familiar non galego.	TI	27
CA1.2 - Detectar, de xeito guiado, con autonomía crecente e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo como unha fonte de riqueza cultural.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva nas conversas co resto de persoas.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Emprega unha linguaxe respectuosa con todas as compañeiras e todos os compañeiros.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Expresa opinións en conversas grupais participando de maneira activa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica. - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Procesos: interacción oral

Contidos

- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Leo para coñecer, para saber, para aprender, para disfrutar	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de 100/150 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas.	PE	52
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa a súa valoración persoal sobre un texto escrito seleccionado por ela/el mesma/o.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave en textos breves.		
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Clasifica diferentes textos en función do contido e da presenza ou non de elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Elabora un documento dixital cun título, un texto e unha imaxe, e todo correctamente organizado.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos escritos e multimodais usando de forma correcta e axeitada os adxectivos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os substantivos e os adxectivos en distintos textos.	TI	48
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e cun vocabulario axeitado en situacións propostas na clase.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e cun vocabulario axeitado vivencias recentes.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Utiliza correctamente a clasificación de libros na biblioteca na busca de destes pola súa temática.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un documento orixinal a partir de dúas fontes documentais diferentes.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais.	Comunica e defende un texto multimodal elaborado a partir de información obtida noutros textos.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Recoñece as diferentes temáticas e a súa identificación e ubicación na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e as virtuais, mostrando coñecementos básicos da súa organización

Contidos

- (catalogación, funcionamento) e participación en actividades de corte literario. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica, de forma autónoma, das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos, coas convencións formais básicas.
- Síntese e reelaboración de coñecementos con apoio de modelos.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Narrando historias	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Redacta un resumo de textos narrados con coherencia e claridade.	PE	37

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Identifica e clasifica textos segundo o seu formato literario: prosa e poesía.		
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto narrativo con intención literaria cunha trama e uns persoaxes definidos.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Identifica textos literarios narrativos fronte a textos instrutivos ou informativos.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora textos narrativos en prosa nos que dá voz aos personaxes.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica os determinantes nun texto narrativo breve.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Expresa unha valoración emocional sobre unha breve historia narrada.	TI	63
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Resume un texto narrativo breve con vocabulario axeitado.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Interésase polo final dos textos narrativos antes de lellos.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa unha lectura fluída nos textos literarios narrativos.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Utiliza regularmente os momentos de lectura de xeito adecuado.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Aporta as súas opinións persoais nos debates literarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Manifesta as súas preferencias por tipo de narrativa ou autora ou autor.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Rexistra un número de lecturas suficiente respecto das marcadas a comezo de curso.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Coñece o funcionamento da biblioteca e a súa organización para buscar fondos e recursos.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Participa activamente en representacións lidas e escenificacións teatrais.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora textos narrativos previamente elaborados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Procesos: comprensión oral - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.

Contidos

- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores.
- Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada.
- Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise acompañada da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción progresivamente autónoma do sentido da obra.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través de observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.

UD	Título da UD	Duración
5	Versos e poesía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira progresivamente autónoma, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Analiza a métrica e a rima dun poema.	PE	42
CA5.7 - Producir, de maneira progresivamente autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce textos literarios expresando as súas emocións.		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece algún recurso literario.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Escribe progresivamente sen faltas de ortografía progresando nas normas gramaticais.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais.		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Recita poemas de maneira autónoma e de xeito coherente.	TI	58
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Le poesía con correcta entoación e ritmo.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Expresa a súa valoración sobre poemas e cancións.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras do ámbito escolar e social.	Comparte a lectura a través de comunidades lectoras.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios en calquera lingua e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal, utilizando a lectura como fonte de lecer e información.	Manifesta preferencias dentro do mundo da poesía.		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente en foros literarios.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Emprega un ton e unha actitude axeitados nas representacións literarias lidas ou interpretadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira acompañada.	Expresa as emocións que lle produce a lectura e a audición de textos literarios poéticos e cancións con relación ao seu contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións. - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos: produción oral. - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Procesos: produción escrita - Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade. - Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora. - Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar. - Lectura progresivamente autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores. - Progreso na construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras de forma acompañada. - Interpretación, progresivamente autónoma e compartida dos textos literarios a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.

Contidos

- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación entre as obras lidas e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Creación de textos literarios de maneira libre e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios básicos.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
6	Vou escribir o que me pasa	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e sinxelos, en distintos soportes, a partir do modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un autorretrato breve con características axeitadas.	PE	76
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Utiliza nunha narración propia un vocabulario axeitado e sen redundancias.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas básicas e mobilizando, de maneira puntualmente acompañada, estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Utiliza as formas verbais de maneira correcta en exemplos comúns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira acompañada, formulando hipóteses e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora textos descritivos modificando formas verbais sen cambiar o seu significado.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Mellora a redacción de textos sobre as súas vivencias persoais despois da súa lectura.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente o b/v en exercicios empregando un vocabulario adecuado.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Transmite oralmente a resto de persos as súas emocións.	TI	24
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Nas descricións persoais recoñece aspectos positivos e negativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: produción escrita - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa. - Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental. - Mecanismos léxicos básicos para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.

Contidos

- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.

UD	Título da UD	Duración
7	Podemos entendernos	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Recoñece e comprende distintos tipos de textos.	PE	34
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Respecta as diferentes opinións a través do pensamento crítico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Diferenza algunhas categorías gramaticais recoñecendo o verbo.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, recoñecendo os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal guiada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais.	Participa nos debates con corrección e respecto polas opinións das demais persoas.	TI	66
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expón as súas opinións de xeito fluído.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Participa na comunicación respetando a quenda.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa coherentemente as súas opinións.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Escoita as opinións alleas.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Acude con regularidade a fontes seguras na procura de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Utilización dun vocabulario adaptado ao nivel sobre diferentes temáticas para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución oral de textos.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados con respecto ás estratexias de cortesía lingüística.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica e detectando usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada e con intención comunicativa e creatividade.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.

Contidos

- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
8	Que pensas ti? Que penso eu?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica unha linguaxe discriminatoria nun texto escrito.	PE	50
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Redacta un resumo dun debate previo con indicación das opinións encontradas e da súa propia.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Redacta un texto argumentativo expresando con criterio a opinión sobre un problema social de carácter discriminatorio.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora de forma máis comprensiva textos propostos axudándose do dicionario físico ou dixital.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Realiza correctamente exercicios de discriminación de palabras con g/j. Utiliza correctamente os aumentativos e os diminutivos de palabras dadas.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar e un vocabulario adaptado ao nivel.	Demostra empatía e coñecemento do argumento da persoa contraria nun debate.	TI	50
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional.	Demostra capacidade para enriquecer a súa propia opinión a través dos argumentos doutras compañeiras e doutros compañeiros.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	É propositivo en situacións de conflitos de convivencia.		
CA3.8 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, comprendendo a súa organización e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual.	Localiza os recursos de biblioteca axeitados para preparar unha entrevista a unha persoa coñecida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica no mundo da publicidade gráfica situacións de discriminación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, expoñer ideas. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Procesos: produción oral. - Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais. - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación breve. - Procesos: comprensión lectora - Elementos gráficos, textuais e paratextuais progresivamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos. - Procesos: produción escrita - Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que faciliten a organización e claridade do texto. - Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Contidos
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados. - Estratexias elementais para o uso progresivamente autónomo de dicionarios, en distintos soportes. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
9	Ler e escribir nas pantallas	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Explica por escrito a información obtida en noticias sinxelas.	PE	55
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Emprega o pensamento crítico para rexeitar posibles discriminacións que poidan existir na prensa escrita, a través da valoración dun texto de prensa seleccionado.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece algunhas categorías gramaticais, especialmente as preposicións, conxuncións e adverbios.		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Respecta os medios de comunicación como transmisores de información.	TI	45
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos que se poidan profucir nos medios de comunicación.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Amosa hábitos seguros en internet.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.

Contidos

- Estratexias de identificación e interpretación do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita de textos sociais orais e multimodais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral.
- Construción, e comunicación e valoración crítica de coñecemento mediante a produción relativamente autónoma de textos orais e multimodais.
- Xéneros discursivos
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área o alumnado se inicia na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, e de representación, interpretación e comprensión da realidade adquirindo ferramentas que lle permitirán desenvolverse de maneira funcional en múltiples contextos a través da lingua oral e a lingua escrita.

É importante que o deseño do proceso de ensino e aprendizaxe propoña unha metodoloxía activa cuxo obxectivo fundamental sexa que o alumnado aprenda dunha maneira autónoma e poida desenvolver todas as facetas da súa personalidade.

A fortaleza das metodoloxías activas de aprendizaxe reside no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión en relación coa contorna, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, na facilidade para acadar un axeitado desenvolvemento competencial ao partir da realidade máis próxima: o alumnado é o protagonista activo porque investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas desta programación didáctica, sempre adaptadas ao nivel educativo no que se atopa o alumnado e baixo os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) fomentando procesos pedagóxicos accesibles para todas e todos mediante un currículo flexible que se axusta a distintas necesidades e a diferentes ritmos de aprendizaxe, serán as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais, xa que calquera actividade realizada polas nenas e polos nenos pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade e de atención.
- A aprendizaxe significativa: referíndose á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que o alumnado ten que aprender e o que xa realiza xa que todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas do alumnado; por iso, cada unidade didáctica comeza cunha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de

cada alumna e de cada alumno para, a partir del, constrúan os novos coñecementos.

- O ensino individualizado: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada alumna e de cada alumno; a atención individualizada considera as características e as diferencias persoais e proporciona unha atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles dá o sentirse queridas e queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos. A relación entre profesorado e alumnado debora ter lugar dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que alumnas e alumnos atopen momentos para agruparse, compartir e sentir o apoio do resto, o que lles axudará a socializar e comunicarse; o xogo así como as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e o resto de actividades complementarias que se programen favorecerán o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación e a personalidade e axudarán a coñecer o comportamento das persoas adultas e as normas sociais.

- A autonomía e a autoxestión.

- A aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e co resto de membros da comunidade educativa e dos grupos sociais da súa contorna na procura dunha convivencia positiva, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo coas mans determinante para o correcto paso do abstracto ao concreto; favorecerase, en todo caso, que o material cumpra os requisitos de accesible.

- A liberdade e a creatividade: potenciando a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando o deseño de actividades desde unha perspectiva de xénero de cara á ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permitan e estimulen ao alumnado a participar realmente como suxeito da súa propia aprendizaxe; ao ser este o verdadeiro protagonista, un dos obxectivos fundamentais será manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- A aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e nos descubrimentos: aprendendo a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, da conexión das ditas probas con coñecementos preexistentes, de obter conclusións e reflexionar sobre os seus achados.

- A aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas a través dos seus coñecementos, distintos recursos, a investigación, a reflexión e a cooperación activa.

- A aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación coa contorna, o que implica a definición de retos que precisan dunha solución moitas veces conxunta.

En concreto, nesta área todo o traballo encamiñase a proporcionarlle ao alumnado recursos de e para a comunicación:

- A lectura e a escritura: o proceso de adquisición desta destreza intégrase a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación a un contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

- A expresión oral: a participación na clase favorece a ampliación e a utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses etc.; o profesorado fomenta así distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento.

- A comprensión lectora: o alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituíntes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos etc.); así comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e as mensaxes connotativas.

- A expresión escrita: desenvólvese a tipoloxía textual co fin de que o alumnado produza composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos que lle axudará a extraer as ideas principais dun texto.

- A gramática e a ortografía: este tipo de coñecementos se presentan como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica o que favorece a súa asimilación, posto que non se presentan como obxectos estraños, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Noutro orden de cousas, considerarase á controna familiar como unha gran colaboradora na aprendizaxe do alumnado, polo que se procurará a súa participación no proceso educativo do alumnado. A familia debe coñecer os obxectivos marcados e procurarse que colabore na súa consecución: participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas de nenas e nenos, achegando información sobre elas e eles...

Por último, destácase como fundamental espertar no alumnado un sentimento de respecto polo mundo que o rodea e

unha actitude activa na súa conservación. Por esta razón, darase unha importancia prioritaria ao tratamento dos valores desde un punto de vista multicultural. Con eles, o alumnado achégase a outras realidades da súa contorna, sempre desde o punto de vista do respecto e da axuda mutua como medio para lograr unha sociedade xusta para todas e para todos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Portátil de aula e do profesor ou profesora e pizarra dixital interactiva.
Recursos dixitais: aula virtual.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos.
Biblioteca de aula, con libros de consulta e de literatura.
Radio escolar e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que deberán tomarse en consideración:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo e funcional do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos da área.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, a diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e o carácter ameno da súa configuración gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que faciliten a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establécense unha serie de pautas concretas que dirixirán a selección que realice o profesorado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar a avaliación inicial do alumnado na área de Lingua Castelá e Literatura, desenvolveranse dúas accións concretas:

1. A revisión dos informes individualizados do alumnado (en especial, o alumnado que o profesorado non coñeza xa de cursos anteriores). De especial interese será tamén, no seu caso, a información que poidan ampliar as persoas titoras do alumnado no curso anterior (de ser posible, farase unha reunión presencial con estas se continúan no equipo docente do centro).

2. A realización dunha ou varias probas específicas adaptadas ao nivel educativo correspondente que avaliarán no alumnado aspectos como:

- Entrevista individual (para observar o nivel de comprensión e expresión oral).
- Realización dun texto ditado manuscrito (para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a ortografía).
- Redacción dun texto manuscrito (para avaliar a súa capacidade de redacción, a correcta separación de palabras,

a utilización de elementos prosódicos e unha correcta ortografía).

- Redacción dun texto escrito dixital a través do ordenador (para avaliar a súa competencia dixital neste medio que terá moita importancia no día a día das clases).
- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir a súa forma de linguaxe escrita (prosa ou poesía) explicando as súas razóns, expresar a idea principal do texto, e identificar algunha figura literaria empregada no mesmo.

Os resultados da avaliación inicial daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que participará a totalidade do equipo docente. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación, decidiranse as medidas de atención á diversidade máis pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	11	11	11	12
Proba escrita	34	73	52	37	42	76	34
Táboa de indicadores	66	27	48	63	58	24	66

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	13	100
Proba escrita	50	55	50
Táboa de indicadores	50	45	50

Criterios de cualificación:

Todos os criterios de avaliación da presente programación didáctica avaliaranse por medio ou dunha proba escrita ou dunha táboa de indicadores, empregando para cada caso un procedemento de valoración diferentes: as probas escritas avaliaranse segundo os criterios de cualificación das mesmas; as táboas de indicadores empregarán distintas escalas de valoración ou diferentes rúbricas (un grande número deses indicadores procederán da observación directa que realice o profesorado). En todo caso, o alumnado estará informado dos instrumentos de avaliación que se empregarán para valorar o seu traballo ao longo do curso.

A cualificación en cada un dos trimestres, en relación ao traballo e a avaliación nas distintas unidades didácticas, obterase empregando a seguinte fórmula:

- 1º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (1, 2 e 3)
- 2º trimestre: media aritmética das tres unidades didácticas (4, 5 e 6)
- 3º trimestre: media aritmética das dúas unidades didácticas (7, 8 e 9)

A cualificación final do alumnado obterase da ponderación que se realizará coas cualificacións de cada un dos

trimestres, segundo os seguintes pesos:

- cualificación do 1º trimestre: 30% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 2º trimestre: 33% de peso na cualificación final do curso
- cualificación do 3º trimestre: 37% de peso na cualificación final do curso

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

No seu caso, se tras a análise da persoa docente e/ou do conxunto da xunta de avaliación a progresión da/o alumna/o determina a conveniencia de non aplicar, atendendo a razóns pedagóxicas, o anterior criterio (no caso de decimais entre 0 e 49), serán esas razóns pedagóxicas as que prevalecerán na decisión da cualificación final que se concrete.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non acadara o mínimo de consecución dos criterios de avaliación ao final de cada unidade didáctica poderá recuperalos ao final de cada trimestre, sempre que ese criterio de avaliación xunto co seu mínimo non se volvan traballar ao longo do curso. Isto, no seu caso, terá lugar nas dúas últimas semanas de cada un dos tres trimestres; e o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia a través da axenda do alumnado e/ou de Abalar. Nesta comunicación especificaranse aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, e o que corresponda para tal fin (sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente programación didáctica -por exemplo, a repetición dun traballo e/ou parte deste...-).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado, o que se fará de xeito individual empregando o método que se considere máis oportuno (explicándollos verbalmente, entregándolles unha folia que recollerá o que precisa realizar...) e resolvéndolles as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s nun trimestre, o alumnado podería recuperalos durante o/s trimestre/s seguinte/s, repetíndose o proceso de comunicación anterior.

Se estes criterios de avaliación a través dos seus mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, o alumnado poderá recuperar a área a través dun proceso de avaliación final que se porá en marcha antes de rematar as clases. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- De tratarse de algo máis ben específico (por ex.: unha tarefa ou un traballo a entregar), seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Como se indicou, de tratarse dun aspecto de aprendizaxe meramente progresivo que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase este por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Partindo da diversidade que amosa o alumnado e de que este non aprende nin da mesma forma nin ao mesmo ritmo, cómpre ter en conta os distintos perfís, ritmos e necesidades de aprendizaxe que existan na aula, observados dentro do grupo ou de forma individualizada, de cara a que as medidas que se adopten reforcen a aprendizaxe de cada alumna e de cada alumno na medida en que esta ou este o precise.

Xunto co departamento de orientación do centro, porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. En xeral, o momento no que se producirá esta detección será durante o proceso de avaliación inicial. Así, tan rápido como se detecten esas necesidades, adoptaranse as medidas educativas máis axeitadas que lle permitan á alumna ou ao alumno continuar de forma óptima o seu proceso educativo.

Entre as medidas que se poderían poñer en marcha estarían:

1. Medidas ordinarias, que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo sen alteración significativa do mesmo. Teranse en conta, no seu caso, distintas medidas que atendan a:

- aspectos da organización e a xestión da aula
- metodoloxías activas baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e na aprendizaxe por proxectos
- adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- realización de reforzos educativos
- organización de programas personalizados de enriquecemento curricular
- plans específicos de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso

2. Medidas extraordinarias, que dean resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poida requirir modificacións significativas dos elementos prescritivos do currículo. A este respecto, e en relación ao que se observe na aula e o que se propoña desde o departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares que se precisen.

En relación ao anterior, habería outras medidas na procura dunha mellor atención á diversidade do alumnado que poderán poñerse en marcha en relación aos recursos existentes no centro:

- A dispoñibilidade de profesorado de apoio.
- A atención de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.
- O aproveitamento dos recursos da contorna dixital do centro, que poden facilitar que cada alumna ou cada alumno realice tarefas graduais e moduladas acordes ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais.

En todo caso, os tres eixos que guiarán o traballo co alumnado en relación ás medidas de atención á diversidade que se poñan en práctica son:

- Adaptación da proposta de ensino e aprendizaxe ás características individuais e sociais de cada alumna e cada alumno.
- Adopción dunha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todo o alumnado atendendo á súa diversidade.
- Realización dunha avaliación inicial do alumnado de cara á toma de decisión en relación ao proceso que guiará a súa aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do emprendemento	X	X						
ET.7 - O espírito científico			X	X				
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade					X	X		
ET.12 - A educación para o consumo responsable								X
ET.13 - A educación para a paz		X	X	X	X	X		
ET.14 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.18 - A orientación educativa						X	X	X
ET.19 - A acción tutorial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito								X

	UD 9
ET.1 - A comprensión da lectura	X
ET.2 - A expresión oral e escrita	X

	UD 9
ET.3 - A comunicación audiovisual	X
ET.4 - A competencia dixital	X
ET.5 - A creatividade	X
ET.6 - O fomento do emprendemento	
ET.7 - O espírito científico	
ET.8 - A educación para a saúde	X
ET.9 - A educación afectivo-sexual	X
ET.10 - A igualdade entre mulleres e homes	X
ET.11 - A educación para a sostibilidade	
ET.12 - A educación para o consumo responsable	X
ET.13 - A educación para a paz	
ET.14 - A educación emocional	X
ET.15 - A educación en valores	X
ET.16 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X
ET.17 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X
ET.18 - A orientación educativa	X
ET.19 - A acción titorial	X
ET.20 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X

	UD 9
ET.21 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X

Observacións:

Os elementos transversais desta etapa educativa non son exclusivos dunha única área senón que cómpre traballalos desde todas elas.

Xunto co anterior, cómpre ter en conta a distinta tipoloxía de elementos transversais que concreta o propio Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Elementos transversais que se deben tratar en todas as áreas da etapa, que se corresponden cos elementos transversais 1 a 13.
- Elementos transversais que deben ser tratados ao longo da etapa, e que na listaxe que se presenta aparecen nos aliñados 14 a 21.

Sexan dun tipo ou doutro, os elementos transversais abordaranse de forma específica nas unidades didácticas seleccionadas e sempre existirá no deseño destas algún tipo de actividade ou tarefa específica que reciba un enfoque na liña dos elementos transversais indicados para estas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo Verbum - Casa das palabras de Vigo	Organízase esta actividade na procura de achegar ao alumnado a distintos aspectos da comunicación humana a través da linguaxe.	X		
Participación no concurso organizado desde a biblioteca sobre creación literaria	Para conmemorar o día do libro, organízase dende a biblioteca un concurso de relato curto, no que se vai animar ao alumnado á súa participación.		X	
Asistencia a unha obra de teatro no auditorio municipal	Asistencia a unha obra de teatro en castelán na procura de establecer no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero.			X

Observacións:

O centro conta cunha serie de criterios que se establecen para concretar a selección e a organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado. En relación a eses criterios e á decisión adoptada de que todas as actividades complementarias que se realicen sexan integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, e fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto, obsérvase nas actividades propostas:

No caso da Visita ao Museo Verbum - Casa das palabras de Vigo o alumnado viaxará á cidade de Vigo para participar neste Museo nunha inmersión na linguaxe humana como medio de comunicación.

No caso da Participación no concurso organizado desde a biblioteca sobre creación literaria aproveitarase a biblioteca do centro como recurso para animar ao alumnado no eido creación literaria en castelán de cara a estimular o seu propio talento persoal.

No caso da Asistencia a unha obra de teatro no auditorio municipal o alumnado seleccionárase algunha obra teatral en castelán relacionada cos obxectivos curriculares a acadar e que se oferten por parte de diferentes entidades.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.
Os criterios de cualificación empregados nas avaliacións parciais/final permiten identificar as aprendizaxes do alumnado.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribúese o tempo axeitadamente ás situacións de aprendizaxe.
Adóptanse distintos tipos de agrupamento en función das actividades a realizar.
Medidas de atención á diversidade
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Facilítase ao alumnado a información dos progresos e das dificultades atopadas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

Descrición:

A avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe é unha das funcións do profesorado. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións que se desenvolven co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes do alumnado.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

A escala de valoración que se empregará será a seguinte:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia; non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítense elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas; clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais; modelo de referencia de boas prácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.

- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

9. Outros apartados